



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

BANDO

DON MANUEL ÁNGEL LEIS MÍGUEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA (A Coruña)

Recordatorio de obrigas en materia de limpeza viaria polo tránsito de animais

O Concello de Negreira, no exercicio das súas competencias en materia de limpeza viaria, protección do medio natural e convivencia cidadá, lembra ás persoas titulares de explotacións gandeiras, así como a todos os posuidores de animais, o seguinte:

Segundo co disposto no artigo 11 do Regulamento de protección do medio natural, de limpeza pública e recollida de lixo (BOP nº 281, do 5 de decembro de 2008, os posuidores de animais deben impedir que lixen os lugares destinados ó tránsito e de se da-lo caso, deben recoller de xeito inmediato os restos que deixen.

Recórdase a os propietarios de gando e outros animais que transiten por camiños ou vías públicas a súa obriga de proceder á súa recollida e limpeza inmediata dos excrementos, garantindo unhas condicións adecuadas de hixiene, salubridade e convivencia veciñal.

O Concello fai un chamamento á colaboración de todos os veciños e veciñas para manter as rúas, camiños e espazos públicos en bo estado, en beneficio da saúde pública, da imaxe do noso municipio e da boa convivencia.

En Negreira, a 17 de xuño de 2026.

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez